

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 7 DE OUTUBRO DE 2019**

### **ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D<sup>a</sup>. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D<sup>a</sup>. Verónica Vigo Santamariña (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D<sup>a</sup>. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D. Eduardo Rodríguez Rey (ídem)

D<sup>a</sup>. Soraya María Fernández Leal (ídem)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)

D. Eduardo José Pereira Arnos (PP)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D<sup>a</sup>. Cristina Bouza Bellón (BNG-G. Mixto)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA-G. Mixto)

*Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as doce horas e tres minutos do día sete de outubro de dous mil dezanove, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os integrantes da Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, D<sup>a</sup>. Sonia Lorenzo Barbeito.*

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 22/07/2019**

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á citada acta.

### **2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DO 17/2019 AO 23/2019**

O Pleno toma coñecemento dos citados Decretos, copia dos cales quedan a disposición dos corporativos.

### **3º.- ESTABLECIMENTO DE DOUS DÍAS FESTIVOS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2020**

Vista a comunicación efectuada pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en orde á determinación de dous días festivos locais de carácter retribuído e non recuperable neste termo municipal de Neda para o ano 2020, a proposta da Alcaldía-Presidentencia, e previo ditame da Comisión Informativa, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade acorda propoñer como días festivos locais de carácter retribuído e non recuperable do exercicio 2020 os seguintes:

- **Martes de carnaval (25 de febreiro)**
- **8 de setembro**

#### **4º.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN FORMULADA POLO SR. CONCELEIRO DE MOVENEDA CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2018, PRORROGADO A 2019**

Dáse lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno por maioría absoluta:

En relación coas alegacións presentadas por parte do Sr. Concelleiro de MOVENEDA, contra a aprobación inicial das bases de execución do orzamento do exercicio de 2018, prorrogado para 2019, cuxo contido íntegro consta no expediente correspondente, esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

#### **FUNDAMENTOS**

**PRIMEIRO.-** En relación coas cuantías asignadas á Comisión de Delegados de Áreas, e a esixencia da súa creación, cumpre indicar que xa no mandato corporativo anterior (2015-2019) emitiuse un informe técnico, a instancias do grupo municipal de MOVENEDA, no cal se concluía á legalidade do acordo adoptado para a creación da devandita Comisión de Delegados de Áreas, toda vez que se tiñan seguido os trámites para a aprobación do Regulamento Orgánico, isto é, maioría absoluta do Pleno da Corporación Municipal, e información pública con posterior publicación íntegra do acordo, sen prexuízo de que resultara conveniente aprobar unas normas orgánicas de funcionamento municipal, que por outra parte, recollerían a propio acordo como tal, e coa mesma maioría e os mesmos trámites.

Neste mandato, a Comisión de Delegados de Áreas, créase con idénticos requisitos no Pleno de organización posterior á constitución da Corporación Municipal, coas esixencias, por tanto, para a aprobación do Regulamento Orgánico, sen prexuízo de que se traballe na aprobación deste Regulamento.

**SEGUNDO.-** En canto aos incrementos propostos por asistencias a Plenos e Comisións Informativas, así como para grupos políticos municipais, e en canto atinxe a solicitude de equiparación das asignacións para Xunta de Goberno na mesma cuantía que as asignacións para as Comisións Informativas, reiterando o manifestado no Pleno de 1 de xullo de 2019, a nós parécenos unhas asignacións coherentes coas existentes en outros Concellos da comarca, e ademais non supoñen custos sociais.

Por canto antecede, proponse:

1º.- Desestimar a reclamación presentada polo Sr. Concelleiro de MOVENEDA contra a aprobación inicial das bases de execución do orzamento do exercicio de 2018, prorrogado para 2019, con base nas consideracións expostas.

2º.- Aprobar definitivamente a modificación das bases de execución do orzamento do exercicio de 2018, prorrogado para 2019, inicialmente aprobada no Pleno corporativo

de data 1 de xullo de 2019.

3º.- Publicar o texto íntegro do acordo inicialmente adoptado, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**DEBATE:** Sr. Pita Galego: baseamos a reclamación no disposto na Lei de bases de réxime local, e na Lei de Administración Local de Galicia, e ademais, nos principios de economía organizativa que preceptúan ambas leis, xa que a Comisión de delegados de áreas duplica a Xunta de Goberno Local. Basta comprobar as actas de ambos órganos, para ver que o que realiza o traballo real é a Xunta de Goberno Local.

Ao comezo do mandato de 2011 o Alcalde actual, en aquel momento na oposición, consideraba, xunto co seu grupo, o PSdeG-PSOE, que os incrementos retributivos que propoñía o goberno eran excesivos, e en cambio, agora que son aínda mais excesivos, está a favor. As cantidades que se van a percibir polas asistencias a órganos de goberno no conxunto do mandato ascende aproximadamente a 380.000 euros.

Debe existir un Regulamento Orgánico Municipal para que se poida crear a Comisión de delegados de áreas.

Sr. Alcalde: no ano 2011 votamos en contra dos incrementos porque había una dedicación exclusiva e una secretaria particular da Alcaldía, e ademais había teléfonos oficiais, e todo iso agora non o hai.

O Alcalde de Neda cobra 13.000 euros ao ano, non é excesivo para o que traballa, e si o comparamos con outros rexedores é irrisorio.

Sr. Pereira Arnos: é necesario aprobar o Regulamento Orgánico Municipal para que haxa Comisión de delegados de áreas.

Sra. Bouza Bellón: consideramos necesario o Regulamento Orgánico Municipal. En canto ás retribucións, entendemos que a vida política ten que estar remunerada.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, rexeita á reclamación presentada polo Sr. Concelleiro de Moveneda, con 9 votos a favor do seu rexeitamento dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, 3 abstencións dos Sres. Concelleiros de PP e BNG, e 1 un voto en contra do Sr. Concelleiro de MOVENEDA; en consecuencia, aproba a proposta da Alcaldía, que queda convertida en acordo.

## **5º.- APROBACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE PREZOS PÚBLICOS**

De acordo co ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Xeral de Prezos Públicos do Concello de Neda, que seguidamente se transcribe.

2º.- Someter a información pública esta aprobación inicial, por prazo de trinta días hábiles, mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e na sede

electrónica do Concello, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3º.- De non presentarse reclamacións a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva, aprobado sen necesidade de novo acordo, entrando en vigor unha vez se publique definitivamente o texto completo da Ordenanza aprobada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

## **“ORDENANZA XERAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE NEDA**

### **FUNDAMENTO, OBXECTO E CUANTÍA**

#### **Artigo 1.- Fundamento e obxecto**

- 1. No uso das facultades conferidas polo artigo 127 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de abril, o Concello de Neda poderá establecer e esixir Prezos Públicos, que se regularán polo disposto nos artigos 41 a 47 do citado Texto refundido, e polo preceptuado nesta Ordenanza.*
- 2. O obxecto da presente ordenanza é desenvolver a normativa xeral e establecer o ámbito e o procedemento de esixencia dos prezos públicos no Concello de Neda, de acordo coas disposicións que resultan de aplicación.*

#### **Artigo 2.- Concepto.**

- 1. Son prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades culturais e deportivas de competencia da Entidade local, sempre que concurran as seguintes circunstancias:*
  - a) Que os servizos ou actividades sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados*
  - b) Que se presten ou realicen polo sector privado*

#### **Artigo 3.- Prezos públicos do Concello de Neda**

*Poderán esixirse prezos públicos polas seguintes prestacións, sempre que concurran as circunstancias previstas no artigo anterior:*

- a) Inscripción e/ou participación en cursos, talleres, xornadas, seminarios, excursións, visitas culturais, bailes, comidas, programas educativos e de conciliación da vida persoal e familiar; e demais de natureza análoga.*
- b) Entradas en teatros, espectáculos, eventos e exposicións.*
- c) En xeral, calquera servizo, actividade ou prestación de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados que se realice en concurrencia co sector privado.*

#### **Artigo 4.- Servizos e actividades excluídas**

*Non poderán esixirse prezos públicos polos seguintes servizos e actividades:*

- a) Abastecemento de auga en fontes públicas.*
- b) Alumeado en vías públicas.*
- c) Vixilancia pública en xeral.*
- d) Protección civil.*
- e) Limpeza da vía pública.*
- f) Ensinanza nos niveis de educación obrigatoria.*

#### **Artigo 5.- Contía**

- 1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.*
- 2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interés público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos, deberán consignarse nos orzamentos da entidade, as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante.*

### **ESTABLECEMENTO, MODIFICACIÓN E FIXACIÓN**

#### **Artigo 6.- Órgano competente.**

- 1. Delégase na Xunta de Goberno Local as facultades para o establecemento e modificación dos prezos públicos, así como para a fixación da súa cuantía. Todo isto de acordo co previsto no artigo 47 do Texto refundido da lei reguladora das facenda locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril.*
- 2. A delegación conferida neste precepto entenderase avocada polo Pleno da Corporación, para un acto concreto e individualizado, pola simple adopción dos acordos de establecemento, modificación ou fixación da cuantía dos prezos públicos, por parte do mesmo, sen que o uso desta facultade supoña a revocación da delegación que con carácter xeral efectúase no apartado anterior.*

#### **Artigo 7.- Procedemento.**

*O establecemento, modificación e, no seu caso, fixación de prezos públicos, deberá efectuarse de acordo co seguinte procedemento:*

*A Xunta de Goberno Local, antes do inicio da actividade, e en base á proposta presentada pola concellería correspondente e o informe previo do departamento de servizos económicos relativo aos custos soportados polo concello na organización desta actividade, establecerá as tarifas concretas para a mesma, tendo en conta o disposto no artigo seguinte.*

*A proposta de acordo da concellería correspondente, interesada no*

*establecemento, modificación ou fixación do prezo público.; deberá ir acompañada dunha memoria económico-financeira que xustifique o grado de cobertura financeira dos custos do servizo, actividade ou prestación de que se trate.*

*Acordadas as tarifas de cada actividade, o acordo será exposto no taboleiro de anuncios do concello e na súa páxina web, a efectos da súa publicidade. Na medida do posible, levarase tamén a cabo a súa publicación no BOP.*

## **OBRIGADOS AO PAGO E OBRIGA DE PAGO**

### **Artigo 8.- Obrigados ao pago.**

- 1. Son obrigados ao pago dos prezos públicos os que se beneficien dos servizos, actividades ou prestacións polos que deban satisfacerse ou, no seu caso, quen ostente a representación legal.*
- 2. A estes efectos, considéranse beneficiarios e, en consecuencia, obrigados ao pago, os solicitantes do servizo, actividade ou prestación pola que se esixan os prezos públicos.*

### **Artigo 9.- Obrigación de pago.**

- 1. A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade, se ben poderá esixirse un depósito previo de acordo co artigo 46.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e durará ata a formación da baixa ou finalización da actividade.*

## **NORMAS DE XESTIÓN**

### **Artigo 10.- Normas de xestión.**

- 1. O acordo da Xunta de Goberno Local previsto no artigo 6 desta ordenanza, establecerá, ademais, o réxime de xestión, que incluirá:*
  - a) Posibilidade de ingreso mediante autoliquidación dos obrigados ao pago ou mediante liquidación aprobada polo concello.*
  - b) Momentos nos que se procederá ao ingreso, podendo levarse a cabo a través dun pago único anticipado ou de modo fraccionado en varios prazos ao longo do desenvolvemento da actividade.*
  - c) Medios de pago, sendo o procedemento ordinario o de domiciliación bancaria, mediante impreso autorizante firmado polos usuarios no momento da matrícula da actividade, ou o ingreso nas contas municipais habilitadas ao efecto.*

*Os prezos públicos de devengo periódico poderán esixirse mediante cargo na conta bancaria designada ao efecto polo obrigado ao pago, unha vez formalizada a solicitude de prestación correspondente que habilite a súa inclusión no censo de obrigados ao pago.*

- 2. O desestimento ou falta de asistencia do usuario á actividade non suporá redución nin exención da obriga de pagamento mentres non se formalice a baixa correspondente, non procedendo a devolución do ingresado con anterioridade á data de comunicación da baixa.*
- 3. No suposto de que por causas non imputables ao interesado, deixara de realizarse a actividade solicitada, procederase á devolución do ingresado na parte proporcional ás prestacións efectivamente efectuadas.*
- 4. No seu caso, a baixa no censo do obrigado ao pago de prezos públicos deberá comunicarse ao Concello nos prazos que se fixen no acordo de establecemento ou modificación do prezo público, e en todo caso, antes do inicio da prestación do servizo ou realización da actividade de que se trate.*

## **RECADACIÓN E XESTIÓN**

### **Artigo 11.- Recadación.**

*A recadación dos prezos públicos axustarase ao disposto na normativa xeral do Estado sobre cobro dos dereitos da Facenda Pública e na Ordenanza Xeral de xestión recadación e inspección.*

### **Artigo 12.- Infraccións e sancións.**

*Sen prexuízo das infraccións doutra orde e das sancións que por elas se impoñan, o incumprimento das normas e defraudación de dereitos que lle correspondan ao Concello en materia de prezos públicos, será cualificado e sancionado aplicando as normas contidas na Ordenanza Xeral de xestión, recadación e inspección.*

## **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente, publicada no Boletín Oficial da Provincia, e teña transcorrido o prazo de 15 días que sinala o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.*

## **6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA RECLAMAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A TRANSFERENCIA ÁS ENTIDADES LOCAIS DOS RECURSOS DERIVADOS DA PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO**

O portavoz da formación, Sr. Pereira Arnosó, defende a moción, do seguinte tenor literal:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Uno de los grandes pilares de la organización política y administrativa en España está constituido por las Entidades Locales, cuyas Administraciones de proximidad garantizan la provisión de servicios públicos esenciales a los españoles. Para poder desarrollar eficazmente las funciones que tienen encomendadas, es fundamental que se cumplan íntegramente los dos principios que constitucionalmente inspiran su actuación: el principio de autonomía (artículo 140 de la Constitución española) y el principio de suficiencia financiera (artículo 142 de la Constitución española).

Autonomía y suficiencia financiera son principios conmutativos, de modo que no hay autonomía sin suficiencia ni suficiencia sin autonomía. En cambio, al igual que ha ocurrido con la financiación de las Comunidades Autónomas, el Ministerio de Hacienda ha venido invocando diferentes coartadas para impedir hacer efectivas las obligaciones económico-financieras que tiene contraídas legislativamente con las Entidades Locales. Una vez más, y de manera completamente falaz, se apela por el Gobierno de Sánchez a la concurrencia de un presupuesto prorrogado y a las limitaciones de un Gobierno en funciones para negar lo que constitucionalmente es un derecho de las Entidades Locales y, por consiguiente, de los ciudadanos que residen en cada una de ellas.

Resulta una paradoja difícilmente aceptable desde el punto de vista intelectual, que el libramiento de los recursos económicos por parte del Estado a las Entidades Locales, y que forman parte de un modelo de actuación establecido legalmente y de raíz constitucional, sea puesto en cuestión por el Gobierno de Sánchez, sobre la base de opiniones técnicas no contrastadas. A cambio, ese mismo Gobierno no ha tenido ningún reparo en aprobar Reales Decretos Leyes que crean nuevos derechos económicos, haciendo estallar el techo de gasto no financiero del Estado y quebrando la ordenación jurídica sobre estabilidad presupuestaria.

Frente a la disciplina y la corresponsabilidad política y administrativa que debe imperar entre el Estado y las Entidades Locales, se ha impuesto irresponsablemente por el Gobierno de Sánchez la indisciplina fiscal y uno de los mayores ataques al modelo constitucional de autonomía territorial de los últimos años. Negar los recursos de las Entidades Locales sobre la base de espurias opiniones sin fundamento técnico es negar la base misma de nuestro sistema de organización territorial.

Desde el punto de vista de la financiación local, la falta de actualización de los recursos derivados de la Participación en Ingresos del Estado y del Fondo Complementario de Financiación, está provocando un perjuicio análogo al que se está produciendo con las entregas a cuenta a las Comunidades Autónomas, y que podría situarse en torno a los 1.000 millones de euros.

A su vez, y de la misma manera que en financiación autonómica, el Gobierno de Sánchez se ampara indebidamente en la concurrencia de la existencia de un presupuesto prorrogado y de un Gobierno en funciones para impedir que se abonen a las Entidades Locales las liquidaciones definitivas en la Participación en Ingresos del Estado correspondientes a 2017 que el Estado debe abonar a las entidades locales en 2019.

Pero es que además, la congelación a la que está abocando con su actuación el Gobierno de Sánchez no permite cubrir el esfuerzo presupuestario que están haciendo las Entidades Locales para atender el incremento de las retribuciones en materia de personal derivadas del Real Decreto Ley 24/2018, de 21 de diciembre, por el que se aprueban medidas urgentes en materia de retribuciones en el ámbito del sector público, que establece un incremento mínimo asegurado del 2,25 por ciento respecto a las retribuciones vigentes en 2018, con efectos a 1 de enero de 2019, y que cubre tanto a funcionarios como a personal laboral del sector público local.

Por último, existen un conjunto de líneas de subvenciones estatales destinadas a financiar determinados servicios locales (por ejemplo, transporte colectivo urbano), cuyo importe permanece inalterable a lo largo de este año en el crédito presupuestario de 2018, sin que responda directamente, por tanto, de la evolución de los costes del servicio en cada una de las líneas subvencionadas.

### **MOCIÓN:**

Por estas razones, y haciendo un llamamiento a todos los representantes públicos de esta Corporación y a su sentido del deber y de la responsabilidad, el Grupo Municipal Popular insta al Pleno del Ayuntamiento de Neda, a adoptar los siguientes acuerdos:

PRIMERO. Solicitar/Exigir al Gobierno de España haga efectivas las obligaciones económico financieras que tienen contraídas legalmente con las Entidades Locales y que tienen su fundamento en un derecho constitucionalmente reconocido. Y en base a ello efectúe la transferencia actualizada de los recursos derivados de la Participación en Ingresos del Estado y del resto de recursos financieros que corresponden a la localidad de Neda y, por consiguiente, a los ciudadanos que residen en la misma.

SEGUNDO. Reclamar al Gobierno de España los recursos necesarios para apoyar el esfuerzo presupuestario que están haciendo las Entidades Locales para atender el incremento de las retribuciones de los empleados públicos de las Entidades Locales previsto en el Real Decreto Ley 24/2018, de 21 de diciembre, por el que se aprueban medidas urgentes en materia de retribuciones en el ámbito del sector público, en el ámbito de la provincia de A Coruña.

TERCERO. Solicitar la convocatoria urgente de la Comisión Nacional de Administración Local para dar cuenta de las razones de la situación creada y acordar soluciones inmediatas.

CUARTO. Dar traslado de estos acuerdos a la Presidencia y Vicepresidencia del Gobierno de España, a los Portavoces de los Grupos Políticos del Congreso y Senado, así como al Ministerio de Hacienda.

**DEBATE:** Sra. Pena Barcia: llama la atención que el PP hable de autonomía local y suficiencia financiera cuando fue quien aprobó la Ley de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, que es un ataque directo a tales principios.

En su día presentamos en este Ayuntamiento una moción para solicitar la derogación de dicha Ley de racionalización, y el único que se opuso fue el Partido Popular.

Sin presupuestos generales del Estado no se puede realizar liquidación y transferencia de recursos, sin embargo, PP, Ciudadanos y dos diputados de las Confluencias se opusieron a los presupuestos.

A pesar de todo ello, se hicieron transferencias a los Ayuntamientos por importantes cantidades.

Sra. Bouza Bellón: os Concellos de Galicia nos vemos castigados por diversos Ministros (Montoro, Montero). Dende o BNG presentamos unha emenda de adición para aprobar a moción presentada, consistente na introdución dos seguintes puntos na parte dispositiva:

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a demandar ante o Goberno do Estado que desenvolva as actuacións precisas para levar a cabo as seguintes cuestións:

1. Que habilite de maneira urxente os mecanismos legais correspondentes para transferir á Galiza a actualización das entregas a conta do exercicio do 2019 por importe de 330 millóns de euros.
2. Que habilite de maneira urxente os mecanismos legais correspondentes para transferir á Galiza a devolución da mensuralidade do IVE do exercicio do 2017 por importe de 200 millóns de euros.
3. Pagamento dos 188 millóns de euros que o Estado adebeda en concepto de financiamento da Lei de dependencia.
4. A negociación dun plan de investimentos para compensar a Galiza polos máis de 1000 millóns de euros que deixou de executar o Goberno do Estado durante o período do PP de Rajoy de cara a garantir os compromisos vixentes pendentes, nomeadamente en canto ás infraestruturas básicas viarias e ferroviarias.
5. Incentivos por cumprir todos os parámetros de estabilidade orzamentaria en 2017 e 2018, por un importe global de 170 millóns de euros.
6. Derrogación da normativa sobre estabilidade financeira, así como da reforma constitucional de 2011 que a sustenta, que afoga a capacidade investidora e de mellora de servizos públicos da administración galega e dos concellos.

7. A inmediata negociación dun modelo de relación económica que corrixa o infrafinanciamento dos servizos públicos galegos, nomeadamente a sanidade.

Sr. Pereira Arnosó: aceptamos a emenda do BNG.

Sr. Pita Galego: é unha moción pret a porter, entendemos que hai unha batalla pre-electorar, e nós ímonos abster, aínda que seguro que moitas cousas que se piden na moción son necesarias.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación á transcrita moción, con 3 votos a favor da súa aprobación coa emenda dos Sres. Concelleiros de PP e BNG, 9 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de MOVENEDA.

### **7º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS**

A concelleira do BNG, Sra. Bouza Bellón, defende a moción, do seguinte tenor literal:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Desde o BNG da Neda consideramos que as administracións públicas deben velar pola igualdade de oportunidades das persoas con algún tipo de discapacidade, e facer todo o posible porque todas as persoas poidan ter unha absoluta mobilidade polas rúas, beirarrúas, normal circulación, tanto para as persoas con discapacidade ou con problemas de mobilidade como para os pais e nais que levan ás súas crianzas en carriños, etc.

Consideramos que o Concello de Neda está aínda moi lonxe da igualdade no dereito á mobilidade de todas as persoas, pois atopamos moitas barreiras no acceso a edificios mesmo públicos, moitas beirarrúas sen ramplas de acceso e outras que teñen ramplas que non son accesíbeis pois queda un paso entre a beirarrúa e a estrada que supoñen un obstáculo infranqueable para persoas con mobilidade reducida.

Para o BNG da Neda, o Concello debere facer un maior esforzo en ir paulatinamente eliminando todas as barreiras, pensamos que debere ser unha prioridade do goberno municipal.

Sabemos que nos últimos anos se fixeron distintas ramplas nas beirarrúas, algunhas delas válidas, pero moitas outras inservibles polo paso que queda coa estrada.

Os edificios municipais teñen tamén moito que mellorar en canto a mobilidade se refire.

A casa do Concello non permite o acceso ao rexistro, debido as reducidas dimensións do ascensor, e debido ás escaleiras faise imposible acceder aos servizos sociais, oficina técnica, nin ao propio baño adaptado para persoas con mobilidade reducida.

A Casa das Palmeiras só permite a entrada en cadeira de rodas pola porta traseira ,por mor do

paso da porta principal.

No Edificio de usos múltiples da Toeireira resulta imposible a entrada tamén debido ao paso, o cal fai inútil o uso do ascensor que atopamos dentro.

Na recente obra da pista do parque dos Subarreiros atopamos tamén dificultades. O firme de acceso de pedras dificulta o desprazamento en cadeira de rodas e as ramplas de acceso á propia pista contan cun pequeno paso que impide a entrada.

No centro escolar San Isidro, os alumnos e alumnas con mobilidade reducida teñen que acceder pola porta traseira debido aos pasos da entrada principal, tendo en conta ademais que o edificio é usado como mesa electoral e esas barreiras físicas supoñen un problema para os veciños e veciñas que se achegan alí nesas xornadas.

Estes son algúns exemplos onde atopamos barreiras arquitectónicas no noso Concello. Entendemos que son a maioría delas obras menores de baixo custo, asumibles por parte do Concello, máis tamén pensamos que cada unha delas debe de ir acompañada do asesoramento dos técnicos e entidades que traballan nestes ámbitos.

Entendemos desde o BNG que a eliminación de barreiras non se pode limitar á instalación de elevadores nos edificios públicos, ou á adaptación de algún baño. Debe ser unha maneira de traballar e actuar transversal, en todas e cada unha das áreas e a ter en conta en tódalas obras que se leven a cabo, analizando e comprobando a efectiva utilidade de ramplas, accesos, portas....

Temos que camiñar cara un Concello inclusivo en tódolos aspectos, mellorando en accesibilidade facemos un pouco máis fácil a vida das persoas con máis dificultades.

**Así pois, o Grupo Municipal do BNG somete á consideración do Pleno, para o seu debate e aprobación, as seguintes cuestións:**

**-O concello de Neda abordará de xeito integral e transversal a eliminación de barreiras arquitectónicas, e así mesmo considerarase o elemento da accesibilidade como unha cuestión fundamental á hora de acometer calquera nova obra, de xeito que non se faga ningún equipamento público, praza, parque, beirarrúa, etc., con atrancos para as persoas con mobilidade reducida.**

**-Para garantir o anterior os orzamentos anuais contarán cunha partida específica de eliminación de barreiras arquitectónicas, acompañada dun estudo técnico e o asesoramento de entidades expertas nestes ámbitos.**

**DEBATE: Sra. Pena Barcia:** estamos a favor de la moción, pero nos sorprende que se presente agora por la concejala del BNG que estuvo los cuatro años anteriores en el gobierno municipal, y que sabe del esfuerzo que estamos haciendo en esta materia. En todo caso, seguimos trabajando sobre ello.

**Sr. Pereira Arnos:** estamos a favor, pues supone un beneficio para los vecinos.

**Sr. Pita Galego:** en xaneiro de 2016 presentamos neste Pleno unha moción parecida.

Votouse a favor e se dotou orzamento para cumprila, pero se fixo despois unha transferencia de crédito e se adicou ese orzamento a asfaltar rúas. Por tanto, pido que se inclúan no POS do vindeiro ano obras destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas.

Sr. Alcalde: en efecto aprobouse unha moción similar, pero hai que dicir que cando se asfaltan rúas en mal estado, se eliminan barreiras arquitectónicas, pois permitir transitar por elas cando antes non se podía. Fixemos moitas cousas nesta materia con fondos subvencionados, e seguiremos facéndoas, agora ben, hai beirarrúas que non se poden ampliar pola súa propia configuración.

Sra. Bouza Bellón: non entendo a sorpresa que amosa o PSOE pola moción. Estivemos no goberno municipal os pasados catro anos, pero esta concellería de obras non era da nosa responsabilidade. Tamén teño que dicir que se fixeron algunhas ramplas para salvar obstáculos, que resultaron inservibles, e isto é o que trata de paliar esta moción.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á transcrita moción.

## **8º.- MOCIÓN DO BNG EN APOIO A FOLGA DAS CONTRATAS DE MANTEMENTO DE NAVANTIA**

A concelleira do BNG, Sra. Bouza Bellón, defende a moción, do seguinte tenor literal:

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, en apoio á folga das contratatas INDASA e UTE TECMAN-RAYMA.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O despedimento de 15 persoas, 6 de INDASA e 9 da UTE TECMAN-RAYMA (estes últimos sen previo aviso), alegando motivos económicos, e xusto no momento no que se están a producir as negociacións entre ámbalas <lúas empresas e Navantia para prorrogar os contratos en vigor, non ten unha explicación racional, agás que alguén crea que pode sacar proveito negociando estas prórrogas en pleno conflito social e provocando unha parálise do estaleiro.

O actual cadro de persoal de mantemento foi contratado no seu día pola UTE FERROLVIAL-ELINCO, e polo tanto dimensionado no ano 2016, non existindo daquela unha ocupación do estaleiro maior da que irnos padecer durante os vindeiros dous anos. Este persoal gañou, posteriormente, o dereito a ser subrogado coa negociación do convenio do metal, sendo de dominio público que non foi do agrado nin de Navantia nin das empresas que tiñan expectativas de recuperar no futuro as adxudicacións do mantemento. Expectativas que se cumpriron no 2018.

Resulta evidente que este dereito de subrogación, pactado no convenio precisamente para dar estabilidade no emprego a colectivos que traballan en servizos de carácter

permanente, quedaría baleiro de contido se consentimos despedimentos en momentos puntuais de menos carga de traballo, pasando por alto que para estes casos existen outro tipo de medidas, por exemplo os ERES temporais. Polo que a defensa dos dereitos adquiridos e da súa eficacia real, está moi presente neste conflito.

Chegouse, por todo isto, a un primeiro día de folga indefinida, comezando a mesma o 23 de setembro, sen ningún intento de solución por parte das empresas, agás unha imposición de servizos mínimos aos folguistas, ou substituíndoos por outro persoal, sendo todo isto absolutamente ilegal.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguintes

ACORDOS

**1. Apoiar as reivindicacións dos traballadores das empresas de mantemento INDASA e UTE TECMAN-RAYMA.**

**2.- Instar ás partes a un proceso de negociación que permita a resolución do conflito.**

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á transcrita moción.

### **9º.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL RELATIVA AOS ESTALEIROS DA RÍA DE FERROL**

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, emite a seguinte declaración institucional:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os estaleiros da ría de Ferrol (Fene e Ferrol) dedicados á construción naval militar e civil, Eólica Mariña, Reparacións e Turbinas, xeran ao redor de 2.000 empregados directos, 10.500 de carácter indirectos, o que en si mesmo supón o 22% da contribución de emprego industrial da provincia, achegando o 24% do PIB industrial da provincia da Coruña.

Navantia soubo evolucionar desde unha construción tradicional ata a utilización das máis modernas tecnoloxías, sendo un referente militar no deseño, a construción e reparación de buques militares e civís.

Ademais e o polo de atracción de numerosas empresas auxiliares que desenvolven a súa actividade industrial, complementando os labores principais do estaleiro, colaborando a alcanzar os seus obxectivos de futuro e ofrecendo emprego a gran cantidade de traballadores, emprego cualificado e de calidade, forxouse unha cultura de traballo composta por cualificacións, oficios e saberes de imprescindible conservación e reprodución.

Por outra banda, debido a escasa diversificación da Comarca de Ferrol, Navantia segue xogando un papel primordial a hora de xerar riqueza, emprego e benestar social, do que se

benefician todos os sectores: comercial, industrial, servizos e, en definitiva, toda a economía da zona.

O pasado 20 de decembro asinábase o Plan Estratégico de Navantia, cuxo máximo obxectivo era sacar a Navantia do pozo en que nos meteron ao longo deste últimos anos, quen a xestione (Navantia estaba en causa de disolución a teor da Lei de Sociedades de Capital), garantirá supervivencia e sustentabilidade da empresa, e con iso o emprego e os dereitos.

Os cimentos do devandito plan Estratégico son: un Plan Comercial e Carga de Traballo, un Plan de Eficiencia Operativa Estaleiro 4.0 e un programa de rexuvenecemento e de formación.

Para a Comarca de Ferro, cabe destacar, como factores máis significativos, a próxima contratación das 5 fragatas F110, un pedido moi importante, xa que despexará dez anos de carga de traballo.

Por outra banda, o rexuvenecemento de persoal a través de contratacións como fixos de persoal de aproximadamente 675 novos traballador@s, e a xeración duns 5000 empregados entre a Industria Auxiliar e outros inducidos, o cal significa xerar unha gran luz de esperanza, especialmente cara as mozas e mozos, que son os que mais veñen padecendo o paro e a precariedade nesta Comarca.

O contrato das F110 son garantía de futuro da empresa, da estabilidade da carga de traballo e do emprego a medio e longo prazo, sendo un elemento imprescindible para servir de soporte aos procesos de dixitalización e Industria 4.0, que xunto á diversificación (naval civil, eólica, etc.,) necesitamos abordar en Navantia.

Coa orde de Execución xa firmada aínda non permite solucionar o baleiro da carga de traballo que imos sufrir en Navantia e na Comarca de Ferrol no curto prazo (anos 2020/2021), como consecuencia do seu atraso.

Efectivamente, a Orde de Execución tería que producirse no ano 2017 como previa a Empresa e a propia Armada Española.

Foi o empreño do anterior Goberno do Estado, por impoñer un cambio no tipo de mísiles en contra da opinión da Armada, os verdadeiros responsables de que se atrasase durante anos a posta en marcha do contrato para construír cinco fragatas nos estaleiros de Navantia en Ferrol.

Dito retraso acareou graves problemas a Empresa, pois a planificación que esta realizou baseábanse en que estas construción enlazasen coa fase final da construción dos dous Buques de Aproveitamento de Combate para a Armada Real Australiana, planificación que naturalmente "saltou polo aire" debido a irresponsabilidade daquel Goberno.

A consecuencia e que, nos próximos anos, dende finais deste verán do 2019 ata o 2021, os niveis de paro serán alarmantes e que, no caso de non solucionarse, tería gravísimas repercusións para o emprego, tanto en Navantia, na Industria Auxiliar, e mesmo no conxunto da Comarca de Ferrol.

Si se ten en conta que o desenrolo da enxeñaría que con leva a construción dun barco

(emplease normalmente en torno a dous anos) e fácil sacar a conclusión que soio e posible cubrir o vacío que se produce mediante a construción dun novo proxecto xa desenrolado.

E evidente que si se desexa evitar gravísimas repercusións, especialmente no emprego, é imprescindible que se concrete e ese adopte a correspondente decisión con carácter de urxencia, única maneira que permite xenerar carga de traballo a partir do ano 2020.

Por todo isto, acórdase adoitara seguinte declaración institucional:

1. Apoio á moción presentada pola Representación Social das traballadoras e traballadores de Navantia Ría de Ferrol.
2. Tendo en conta as coñecidas necesidades da Armada Española, a nosa existencia pasa por dotar de carga de traballo a Navantia, mediante a contratación dun Buque de Aprovisionamento en Combate (BAC), dado que contamos coa enxeñería xa desenvolta e iso permitiría cubrir a falta de ocupación dos anos 2020/2021.
3. Dende esta Corporación, instar o Goberno do Estado, Xunta de Galicia e á Dirección de Navantia para que leven a cabo todas as xestións precisas para a concreción destas contratacións no prazo máis breve posible. E ao mesmo tempo, solicitamos aos partidos políticos representados neste Concello o seu apoio e compromiso as propostas contempladas nesta moción.

### **10º.- DACIÓN DE CONTA DA DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DOS GRUPOS MUNICIPAIS NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**

O Pleno toma coñecemento dos escritos presentados polos grupos municipais en orde ao nomeamento de representantes nas Comisións Informativas Municipais, con datas 15 de xullo de 2019 (Grupo Mixto), 19 de xullo de 2019 (Grupo municipal do PP), e 5 de agosto de 2019 (Grupo municipal do PSdeG-PSOE).

### **11º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Intervén en primeiro lugar a **Concelleira do BNG, Sra. Bouza Bellón**, quen formula as seguintes preguntas:

**1º.-** Por que razón a Xunta de Galicia rexeitou a catalogación como árbore senlleira do teixo de Viladonelle?

**2º.-** Cando se rematarán os traballos da Comisión de memoria histórica?

**3º.-** Por que razón hai novos horarios no ximnasio municipal?

Respóstalle o **Sr. Alcalde**:

**1º.-** Parece ser que a razón é que hai teixos de maior grosor e antigüidade, pero está o expediente a disposición nas oficinas municipais.

**2º.-** Agora coa creación das Comisións Informativas retomamos os traballos da Comisión de memoria histórica.

3º.- A empresa decidiu cambiar ao monitor a algúns horarios, e o fai dentro do seu ámbito de responsabilidade.

Seguidamente intervén o **Concelleiro de MOVENEDA, Sr. Pita Galego**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Se tomou coñecemento nunha Xunta de Goberno, dun proxecto transfronterizo de intercambio de carbono, se vai facer algo ao respecto?

2º.- Se vai adoptar algún acordo respecto dos coches estacionados no Murallón, que molestan a entrada e saída de vehículos das casas veciñas?

3º.- Viaqua redactou unha memoria para mellorar a captación de auga, de que se trata?

4º.- Se están limpando as sendas ata o Puntal, e queremos saber de quen son os terreos por onde discorren ditas sendas.

5º.- Renfe ten descoidada a maleza na estación, hai que obrígalos a limpar.

6º.- Quen vai facer o curso de coidados homologados.

7º.- E necesario intensificar as campañas de desratización en diversos lugares do municipio.

8º.- Na piscina municipal están en mal estado algunhas taquillas, hai cerraduras rotas, é necesario arraxalo, e xa tiña que estar feito antes da tempada de verán.

9º.- Solicitamos que se fagan as convocatorias de prazas vacantes no Concello, que é moi necesario, e ademais pensando en vindeiras xubilacións.

10º.- Caeuse unha árbore bastante grande no Puntal.

11º.- Cando vai empezar a funcionar o autobús ate o Puntal?

Respóstalle o **Sr. Alcalde**:

1º.- Si se pode, nos adheriremos ao programa transfronterizo de intercambio de carbono.

2º.- O estacionamento de vehículos nesa zona é competencia da Xunta de Galicia, e estamos en conversas con eles para tratar de buscar unha solución.

3º.- Se solicitaron axudas para mellorar o sistema de abastecemento, pero as axudas son limitadas, e temos difícil entrar nesta convocatoria. Non obstante, van a ser obras obrigatorias.

4º.- A senda ata o Puntal vai por terreos de Renfe, e de feito se solicitou autorización.

5º.- Xa falamos con Renfe para que procedan a limpeza de maleza na estación de ferrocarril.

6º.- O curso de coidadores o vai facer a Mancomunidade.

7º.- Se fan campañas intensivas de desratización continuamente por todo o Concello, pero hai sitios repetitivos, nos que custa mais traballo acabar con este problema.

**8º.-** Arranxaremos as taquillas e cerraduras, pero temos que facelo agora que a piscina non está operativa.

**9º.-** Xa estamos estudando as posibilidades de convocatorias de persoal para o Concello.

**10º.-** Xa temos coñecemento dese árbore.

**11º.-** Hai pendente un recurso contra o Plan de Transporte Metropolitano, e por tanto hai que esperar a que se resolva.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as doce horas e coarenta e seis minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral